



INFORMACIÓN BANCO DE LIBROS DA ESO DA ANPA PANTEL (Curso 24/25)

- Ademais das axudas da Consellería (Fondo libros e Material Escolar) **se sodes socios da ANPA** poderedes optar ao Banco de Libros, no que é posible **arrendar** os libros de texto que precisedes, ben por non ter dereito ás axudas ou ben porque a axuda recibida non é suficiente para todos os libros.
- Os libros hai que entregalos ao rematar o curso e en bo estado. Incumprir estas condicións implicará o pagamento de 3 € de penalización por libro e nos casos dun deterioro excesivo poderase penalizar excluíndo da participación no banco de libros en anos vindeiros.
- CUOTA DA ANPA: **10 € por familia e curso.**
- CUOTA BANCO DE LIBROS: **10 € por libro.**
- A participación nestas axudas é totalmente voluntaria.
- **A solicitude acompañada do recibo do banco de ter feito o ingreso correspondente (cuota socio+cuota libros) ten que ser entregada no Instituto do 29 ó 31 de Xullo ou no Concello** (antigo local de servizos sociais ó carón das oficinas da escola Denis Suárez) do **1 ó 2 de Agosto.**
 - **29, 30 e 31 de xullo, no instituto,** en horario de **10:00 a 12:00 h.**
 - **1 e 2 de agosto, no concello** (ao lado do local das Escolas Denis Suárez) de **17:00 a 20:00 h.**
- No Xustificante de ingreso do banco debe ir o NOME e CURSO DO ALUMNO/A. É preciso facer unha solicitude de libros por cada alumno/a pero tendo en conta que a cuota de socio da ANPA é só un pago por familia (no caso de irmáns facede copia do recibo de pago da cuota de socio para adxuntalo canda o recibo de pago dos libros de cada irmán).
- Revisade ben a listaxe da Xunta para non duplicar libros porque unha vez feito o pedido da ANPA non se admitirán devolucións.
- Nº de conta ABANCA: IBAN ES08 2080 0577 8830 0000 2844.
- Farase un grupo de difusión de Whatsapp para informar ós socios da ANPA dos temas que teñan relación cos eventos educativos dos alumnos (actividades, prazos, excursións...)